

**BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE ALUMNADO DE CICLOS
MEDIOS E SUPERIORES PARA A SÚA PARTICIPACIÓN DENTRO DO PROGRAMA
ERASMUS+ 2014-2015**

Primeira. Obxecto

O CIFP Ánxel Casal – Monte Alto, convoca o proceso selectivo para asignar bolsas dentro do Programa Erasmus+, destinadas a alumnos de ciclos formativos, para facer a FCT (Formación en Centros de Traballo) no estranxeiro.

Estas bolsas están destinadas a alumnos de **ciclos SUPERIORES** e a alumnos de **ciclos MEDIOS**, que teñan prevista a **FCT de xaneiro a xuño do 2015, de marzo a xuño ou de setembro a decembro do 2015**.

O obxectivo deste programa é promover a aprendizaxe e a formación de estudantes en Europa, así como o coñecemento do idioma e a cultura doutros países, mediante a concesión de bolsas para a realización da FCT en empresas de Irlanda, Finlandia, Italia, Malta, Portugal, etc.

A duración da mobilidade será de 10 semanas (8h/día).

Segunda. Requisitos para participar

1. Ser alumno/a do CIFP Ánxel Casal no curso 2014-2015.
2. Estar cursando algún ciclo medio ou superior e ter previsto realizar a FCT nos seguintes períodos:
 - De xaneiro a xuño do 2015.
 - De marzo a xuño do 2015.
 - De setembro a decembro do 2015.

Terceira. Contía das bolsas

A contía destinada a financiar os gastos de viaxes, aloxamentos e manutención será unha cantidade fixa calculada sobre a base de importes establecidos polo Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos (OAPEE). Esta axuda vai destinada a colaborar nos gastos de comida, viaxes, aloxamento, empresa intermediaria (se fose preciso), seguros e demais gastos. É posible que o estudante teña que adiantar parte desta contía.

Cuarta. Solicitudes

Os alumnos interesados en participar na convocatoria deberán presentarse o vindeiro martes 11 de novembro ás 11:30 ou ás 19.00 horas no salón de actos.

Os candidatos cubrirán unha ficha cos seus datos persoais, entregarán unha copia do DNI, unha copia do seu certificado de estudos actualizado (que deberán solicitar na Secretaría do centro) e a documentación acreditativa de coñecemento de idiomas que poidan aportar (inglés, francés, italiano ou alemán).

No caso de que non aporten certificación de coñecemento de linguas estranxeiras, terán a oportunidade de facer unha proba de coñecemento de inglés (comprensión oral e escrita e expresión oral e escrita de nivel B1). A proba oral e escrita de inglés será o mércores 12 de novembro ás 18:00h

no salón de actos.

Quinta. Adxudicación das prazas e publicidade do proceso de selección

Unha vez feita a baremación das persoas participantes de acordo cos criterios de valoración aprobados, publicarase unha listaxe de seleccionados e unha listaxe de reserva para cubrir eventuais renuncias.

A publicidade dos actos do proceso de selección, así como as comunicacións procedentes, realizaranse mediante a publicación no tablón de anuncios da entrada e na web do centro (<http://www.edu.xunta.es/centros/cifpanxelcasal/>).

A continuación farase a asignación de vacantes, en función da dispoñibilidade de empresas e as puntuacións acadadas polos solicitantes.

A realización da mobilidade e o destino final sempre estará condicionado á existencia de empresas adecuadas ao perfil profesional e académico.

Sexta. Criterios de selección

Para a selección dos participantes nas mobilidades establécense os seguintes criterios coa ponderación correspondente:

1) Expediente académico 35%

2) Nivel de idiomas 30%

Valoraranse os coñecementos dun idioma de traballo, mediante aportación da certificación correspondente.

Valoraranse coñecementos de inglés (como lingua vehicular no entorno europeo), mediante aportación da certificación correspondente e/ou probas específicas.

3) Grado de madurez e motivación 35%

O/a titor/a de FCT correspondente, elaborará un informe de cada candidato en colaboración con todos os profesores do alumno. De considerarse oportuno consultarase tamén ó departamento de orientación. En dito informe valorarase:

- › Grao de madurez e autonomía.
- › Nivel de responsabilidade.
- › Motivación, capacidade de iniciativa e participación activa.
- › Capacidade de organización, de relación e de traballo en equipo.
- › Corrección na comunicación verbal e non verbal, e comportamento adecuado á situación.

Cada apartado será valorado de 1-10 na ficha de selección do participante, e obterase unha calificación final.

Será necesario obter unha **valoración positiva** en cada un dos criterios para poder ser seleccionado/a.

En caso de empate, aplicaranse con carácter preferente e na mesma orde, os criterios anteriores, é dicir, a praza outorgaráselle en primeiro lugar ao/a participante con máis puntos no criterio 1). Se

continuase o empate, no 2), e así sucesivamente ata aplicar, se for necesario, os tres criterios establecidos nos puntos anteriores.

****Excepción:**

No caso de que fora o propio participante quen buscou a empresa para a súa estadía, terá preferencia absoluta, sempre e cando acade unha valoración positiva nos 3 criterios de selección. Si hai varios participantes na mesma situación desempatarían coa puntuación global obtida na valoración dos 3 criterios.

Sétima. Comisión de valoración

A Comisión de Valoración estará formada polo equipo docente dos ciclos que teñan alumnado participante, pola profesora de inglés e pola coordinadora de Programas Internacionais.

Oitava. Obrigas dos alumnos/as seleccionados/as

Os/as alumnos/as seleccionados/as con bolsa disporán dun prazo de 3 días naturais dende a publicación para renunciar ou aceptar por escrito á participación no programa na seguinte dirección de correo electrónico: p.europeos.ancelcasal@gmail.com

Os/as alumnos/as que acepten a participación no programa terán que enviar á anterior dirección de correo electrónico no mesmo prazo de tempo: una foto carnet, Fotocopia DNI, Curriculum Europass e número de conta para futuros pagos.

Posteriormente, os seleccionados serán convocados para iniciar o proceso de preparación lingüística e cultural do país de destino.

Estos/as alumnos/as están obrigados/as a participaren en cantas reunións sexan convocadas pola Coordinación de Programas Internacionais.

O incumprimento destas obrigas implicará a exclusión do programa.

Novena. Normativa aplicable

En calquera caso, a participación neste programa estará suxeita, por norma xeral, aos criterios e bases establecidos na convocatoria de subvencións de proxectos de mobilidade Erasmus+ 2014, así como ao establecido no convenio suscrito polo CIFP Ánxel Casal e o Organismo Autónomo Programas Educativos Europeos. Ademais, o desenvolvemento das diferentes mobilidades quedará supeditada á concesión da subvención por parte do Organismo Autónomo Programas Educativos Europeos (OAPEE).

A Coruña, a 30 de Outubro de 2014

Cristina Vázquez Fernández
Coordinación de Programas Internacionais
CIFP Ánxel Casal – Monte Alto